B7.1.Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas,o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.1.Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico,no

desenvolvemento e na redistribución da renda.

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico, Competencia Dixital

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.2.Diferencia os conceptos de crecemento e desenvolvemento

Competencias clave:

Comunicación Lingüística, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.3.Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza,sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas,Comunicación Lingüística

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.4.Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar

Competencias clave:

Aprender a Aprender, Competencias Sociais e Cívicas,Competencias dixitais

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.5.Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.6.Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisión económicas

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas,Aprender a Aprender

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.7.Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso,que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos,o que supón valorar os custos asociados

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.1.8.Recoñece a evolución cíclica da actividade económica,describe as fases,as representa gráficamente e considera as súas consecuencias sociais

Competencias clave:

Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico, Competencias Sociais e Cívicas.

B7.5.**B7.6.****B7.7.****B7.8.****Obxectivos:**

Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da economía que permita interpretar a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos individuais e nacionais, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

Acceder aos coñecementos científicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da ciencia económica.

Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

Contidos:

B7.5.Política fiscal e orzamentos públicos

B7.6.O Estado na economía :función

B7.7.Os fallos do mercado e a intervención do sector público

B7.8.Redistribución de renda e riqueza:igualdade de oportunidades.

Criterios de Avaliación:

B7.2.Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as función do Estado nos sistemas de economía de mercado,e identificar os principais instrumentos que utiliza,valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.2.1.Distingue e explica as función do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos

Competencias clave:

Comunicación Lingüística, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado

Competencias clave:

Competencias Sociais e Cívicas, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico, Competencia Dixital

Estándares de aprendizaxe:

ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.

Competencias clave:

Aprender a Aprender, Coñecemento do Medio e Coñecemento Científico Técnico, Competencia Dixital

METODOLOXIA DIDACTICA

A falta de coñecementos previos do alumnado obriga a dedicar moitas horas lectivas a clases maxistras para ir dotándoo do vocabulario científico-económico, e para que incorporen ao seu acervo científico-cultural as técnicas deductivas que se usan en economía.

Para que manexen correctamente os conceptos elementais da economía son necesarias horas de explicacións teóricas, e para que eses coñecementos formen parte da súa memoria activa son necesarios exames que os forcen a realizar o proceso de memorización. Daí que as explicacións maxistras e os exames son parte esencial do traballo do profesor.

A metodoloxía de realizar moitos exames, 15 están previstos como máximo, tantos como temas do libro-guía, e un exame por tema, pretende evitar que o esforzo de memorización se convirte en tortuoso e que o alumno despois do exame non queira “borrar da memoria” todo o aprendido. A entrega do exame, xa cualificado, para que o propio alumno vexa como foi corrixido, tamén ten por obxecto, ademais de liberalo de suspicacias sobre si foi xustamente cualificado, axudalo a rememorar os coñecementos adquiridos, co cal o exame se convirte en parte do proceso de aprendizaxe e memorización de coñecementos, e non nun simple instrumento de avaliación.

A medida que os alumnos van adquirindo unha formación en economía, o profesor, recurrido á prensa económica presenta aos alumnos aqueles documentos (artigos de opinión, notas de prensa, informes, etc) que lles permiten exercitar os coñecementos adquiridos.

Os traballos complementarios que se lle propoñen aos alumnos poden ser de investigación ou de resumo-sintetización de documentos. Sempre son voluntarios, e conectados coa materia que se está explicando. Tamén se invita ao propio alumno a que propoña él o traballo que quere facer, xa sexa de investigación ou de resumo-sintetización, e que sempre vai ser recompensado con puntos que suman á cualificación, previamente negociados, nunca máis de 2. Normalmente acéptase a súa proposta, e o profesor debe asegurarse de que a recompensa en puntos foi xustamente concedida.

MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

A aula na que se imparte Economía, a 8, está equipada con ordenador,proxeutor,e conexión a internet.Ainda que o seu uso non sempre é posible en condicións óptimas ,é unha ferramenta imprescindible para que a asignatura se poida impartir dunha maneira moderna e efectiva.

O libro de texto,Economía,de Anxo Penalonga Sweers, está plenamente adaptado ao deseño curricular aprobado para este curso,excepto nos puntos do currículo que inclúen referencias a Galiza ,e que o profesor intentará solventar organizando talleres co alumnado para elaborar documentos propios sobre as temáticas sinaladas e que non son tratadas no libro de texto,especialmente o tema do desemprego.Excepto nos puntos antes mencionados,o libro de texto será a guía que seguirá o profesor para as explicacións,exames,etc.

Este curso tamén se pretende aproveitar a oferta de participación gratuita no concurso organizado por YOUNG BUSINESS TALENTS,(www.youngbusinessstalents.com)e que,inevitabilmente,ocupará horas lectivas,no caso de que o alumnado decida articipar,pero que o departamento considera xustificado debido a que non se quere recargar en exceso traballos en horario non lectivo para evitar que o alumnado non dispoña de tempo para preparar outras materias.En definitiva, trátase de evitar que algúns alumnos se apaixoen demasiado pola materia e iso lles perxudique no obxectivo global que é aprobar a totalidade das materias nas que están inscritos.

Debido ao risco de ser confundido pola información falsa que circula por internet.sempe se aconsella ao alumnado que busque a información en páxinas oficiais,po lo que o alumnado será instruído no acceso e navegación de páxinas como www.ige.es ou www.ine.es

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A principal actividade complementaria prevista é a referida anteriormente de participar no concurso [youngbusinessstalents](http://youngbusinessstalents.com).

Como actividade extraescolar está prevista a asistencia,xunto cos alumnos matriculados en Economía da Empresa,á Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados organizada por Conxemar no IFEVI de Vigo,durante os días 5,6,7 de outubro de 2015.Considérase a asistencia,por un día, a esta feira interesante porque resulta moi instructiva para o alumnado e o custo da asistencia en termos monetarios e consumo de horas lectivas é mínimo debido á cercanía.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

A avaliación consistirá,fundamentalmente,en exames escritos basados no libro de texto.Ao final de cada tema procederase a realizar un exame-control .Como o libro de texto ten os contidos repartidos en 15 temas,haberá un máximo de 15 exames-control durante o curso.

Cada exame consta,normalmente,de 10 preguntas basadas nos contidos do libro de texto,de maneira que non se necesita recurrir a outros textos distintos ao libro para ter un 10 na nota de exame.Previamente,o profesor informará ao/á alumno/a de cales son as preguntas concretas de entre as que escollerá as 10 que entran no exame.

Sempre que as circunstancias o xustifiquen ofrécese a posibilidade de mellorar a nota do exame aportando algún traballo,individual ou colectivo, que se entregará ao final do exame e,se procede,súmase a puntuación obtida polo traballo á calificación obtida polas respostas ás preguntas.Esa puntuación por traballo aportado será entre 0 e 2 puntos

Permítese repetir cada un dos exames,por unha soa vez,cando o alumno quere mellorar a nota,e excepcionalmente,se se considera que iso beneficia ao alumno pódese dar una terceira,ou cuarta oportunidade.

O alumno,despois de que o exame é cualificado recíbeo do profesor,para que poida autoavaliarse e despegar as dúbidas sobre a cualificación recibida,comprendendo cales son os fallos cometidos e asumindo a xusteza da cualificación obtida.

Tamén se ofrece ao alumno a posibilidade de participar,voluntariamente,no concurso convocado por Young Business Talents ,un simulador empresarial denominado Praxis MMT .
(www.youngbusinesstalents.com).

Esa participación é recompensada na nota trimestral en función do esforzo realizado e a capacidade demostrada ,como máximo sumará 2

Por último,tamén forma parte do proceso de avaliación e cualificación a solución-resposta do alumno a cuestións que espontaneamente o profesor prantexa a modo de concurso durante as clases maxistras,e que demostran formación,intelixencia,ou calquera outra habilidade que xustifique o premio.

INSTRUMENTOS DE AVALIACION

Exames escritos;traballos individuais ou colectivos;simuladores empresariais por ordenador;concursos de solución-resposta a problemas durante as clases maxistras;notas de prensa, artigos,ou informes relacionados coa materia que se imparte; pizarra;ordenador.

CRITERIOS DE CUALIFICACION

A puntuación obtida en cada un dos exames incorpórase ao cálculo da media aritmética da nota de cada avaliación trimestral.

Esa puntuación é o resultado da suma dos puntos obtidos en cada unha das dez preguntas.A valoración de cada resposta será:0 0,25 0,50 0,75 1

A eses puntos obtidos súmanse entre 0 e 2 puntos polos traballos individuais ou colectivos

A nota final do exame se non é un número enteiro,será redondeada a favor do alumno si iguala ou supera os 5 decimais.En casos excepcionais a nota do exame será conservada cos decimais,e irá cos decimais á avaliación trimestral,se o profesor considera que o comportamento do alumno non merece verse favorecido polo redondeo,aínda que iguale ou supere os cinco decimais.Excepcionalmente,por motivo dunha atitude especialmente positiva , o redondeo faise a favor se o resultado non sae enteiro,aínda que non acade os 5 decimais. Para aplicar a media aritmética da calificación trimestral, o alumno,ou alumna:

1º)Debe ter sido calificado en todos os exames,non pode haber ningún exame con calificación de :non presentado

2º)Non pode haber ningún exame en branco,ou con nota inferior a un dous.

Se se da algunha destas circunstancias,e a media aritmética dos exames,feitos e non feitos,é cinco ou superior a cinco,será calificado como suspenso na avaliación trimestral,e recibirá un catro

Unha vez obtida a media aritmética dos exames que corresponden á avaliación,aplícase o mesmo criterio de redondeo exposto anteriormente para a calificación de cada un dos exames,coa excepción de que neste caso o profesor non poderá manter unha calificación con decimais.Cando o comportamento-atitude e os coñecementos demostrados polo alumno o ameriten esa nota pode ser mellorada.

A cualificación obtida na avaliación final ordinaria é o resultado da media aritmética das avaliacións trimestrais,mellorada,nalgúns casos,en función do comportamento,atitude,ou habilidades e coñecementos amosados polo alumno ao longo do curso, e que non se reflexaron nos exames.No caso de que o alumno amosase un comportamento negativo para cos compañeiros ou o profesor,ou unha atitude negativa para a materia,respetarase o resultado da media aritmética obtida.

En casos especialmente graves de comportamento se a media aritmética é inferior a 5 o profesor

pode redondear a 4 a cualificación final.

Este criterio tamén se manterá para a cualificación extraordinaria de setembro

Addenda á Programación da asignatura de Economía ,de 1º de Bacharelato para o curso 2015-16

A aplicación do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, esixe incluír na Programación que se viña impartindo ata o momento os apartados B4.7, de contidos; B4.4 de criterios de avaliación, e ECB4.4.1 de estándares de aprendizaxe.

En consecuencia, o Departamento de Economía do Ies Escolas Proval, decide incluír na Programación do curso 2015-2016 unha Unidade Didáctica sobre o Desemprego en Galiza.

Contidos:

1. Factores diferenciadores do Desemprego en Galiza

1.1. Demográficos

1.1.1. Saldos Vexetativos

1.1.2. Densidade poboación

1.1.3. Dispersión poboación

1.1.4. Poboación en idade de traballar

1.1.5. Poboación activa. Taxa actividade

1.2. Migratorios

1.3. Estacionais

1.4. Empresariais

1.4.1. Dimensión

1.4.2. Forma xurídica

1.4.3.Internacionalización

1.5.Capital Humano

1.5.1.Formación

1.5.2.Motivación

2.A distribución do desemprego:

2.1.Variable Xeográfica

2.1.1.Local

2.1.2.Comarcal

2.1.2.Provincial

2.2.Variable Sectorial

2.2.1.Sector primario

2.2.2.Sector industrial

2.2.3.Construcción

2.2.4.Servizos

2.3.Variable Idade

2.4.Variable Sexo

2.4.Variable Calificación

2.4 Variable Estudos

3.A evolución do desemprego ao longo do tempo

3.1.Antes da crise de 2007/2008

3.2.Durante a crise.

4.As políticas contra o desemprego.

4.1.Medidas do Estado

4.2.Medidas da Xunta de Galiza

4.3.Medidas das Deputacións

4.4.Medidas das Mancomunidades de Concellos

4.5.Medidas dos Concellos

5.Valoración do problema do Desemprego en Galiza

- 5.1.Opini3n das autoridades
- 5.2.Opini3n dos sindicatos
- 5.3.Organizaci3ns empresariais
- 5.4.Enquisas de opini3n p3blica

6.As fontes de informaci3n sobre o volume de desemprego

- 6.1.Desemprego oficial
- 6.2.Desemprego real
- 6.3..Desemprego estimado

7.Elaboraci3n dun modelo eficiente de protocolos de informaci3n,an3lise e medidas para enfrentar o problema do desemprego en Galiza

O traballo sobre esta unidade did3ctica basear3se non modelo de Taller,onde os alumnos e alumnas participan ,a partir da gu3a antes exposta,na s3a elaboraci3n,buscando fundamentalmente,aprender a definir o problema con rigor cient3fico,aprender a buscar a informaci3n necesaria para coñecer en profundidade a realidade,e aprender a buscar unha soluci3n baseada na realidade da experiencia xa existente.

O profesor:Isidoro Padin Cortegoso
Nigr3n,11 de Setembro de 2015

PROGRAMACIÓN DE
ECONOMIA DA EMPRESA
2º BACHARELATO.CCSS

CURSO 2015-2016

DEPARTAMENTO DE ECONOMIA

PROFESOR:ISIDORO PADIN CORTEGOSO

INDICE

PAXINASCONTIDO

1INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2OBXECTIVOS POR CURSO

3/4SECUENCIA DE CONTIDOS

5TEMPORALIZACIÓN

6/7/8CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9MÍNIMOS ESIXIBLES

10PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

11INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

12/13CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

14ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES

15PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS.

16METODOLOXIA DIDÁCTICA

17PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

18ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

19ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

20MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

21ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

22PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACION

1

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta asignatura, que forma parte das probas de acceso á universidade, aporta ao alumno as ferramentas básicas para entender o mundo da empresa.

A programación ten por obxecto darlle ao alumno unha visión xeral do que é unha empresa ,o contexto no que se desenvolve, as distintas formas de concebir a actividade empresarial e os coñecementos que se manexan no mundo empresarial sobre organización, financiación, control de custos, mercados.

No actual contexto de crise económica e de necesidade de incentivar a xóvenes emprendedores para que constitúan empresas, esta asignatura debería ser obrigatoria no bacharelato, e non só , como é agora, unha opción para o bacharelato de ciencias sociais. Sempre existe unha maior probabilidade de que un xoven se anime a fundar unha empresa si ten uns coñecementos básicos como os que lle aporta esta asignatura que si non os ten. Non hai mellor estímulo ao espírito empresarial que a formación, como a que se imparte nesta programación, unha formación que, aínda que básica, é suficiente para que calquera xoven saiba se lle resulta interesante e atractivo introducirse no mundo empresarial.

A programación , neste contexto de asignatura optativa no bacharelato de ciencias sociais, está

centrada nas probas de acceso á universidade ,en preparar ao alumno para superar esas probas,de maneira que o profesor está pendente de explicar todos e cada un dos contidos que forman parte desas probas.

2

OBXECTIVOS POR CURSO

Os/as alumnos/as deberán desenvolver ó longo do curso as seguintes capacidades terminais:

- *Analizar as características mais relevantes dos distintos tipos de empresa,identificando as súas funcións,interrelacións e organización.
- *Analizar o funcionamento económico global da empresa,así como as funcións específicas das súas áreas de actividade,tanto no que respecta às súas relacións internas como ós seus condicionamentos e dependencias externas.
- *Coñecer os elementos mais importantes do sector de actividade e explicar,a partir deles,as principais estratexias das empresas.
- *Estudar políticas de mercadotecnia de diferentes empresa en función dos mercados ós que dirixen os seus produtos.
- *Valorar a importancia que,para as empresas e a sociedade,ten a investigación,as innovacións tecnolóxicas e a implantación xeralizada das novas tecnoloxias.
- *Identificar as dependencias,para as empresas e a sociedade,da globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se van adoptar fronte a este fenómeno.
- *Identificar as principais fontes de financiamento da empresa analizando as distintas opcións posibles.
- *Analizar as consecuencias que para o ambiente,as sociedades e as persoas,teñen as actividades de distintos tipos de empresa e as condutas e decisións dos seus directivos.
- *Comprender de forma clara e coherente e,se é o caso,valorar críticamente,informacións sobre feitos relevantes de ámbito empresarial.
- *Avaliar e comprender a importancia e os problemas da organización e da distribución do traballo en relación cos obxetivos empresariais.
- *Obter,seleccionar e interpretar a información de maneira autónoma,axeitando o seu tratamento à resolución de problemas prácticos.
- *Transmitir mensaxes e informacións de forma estruturada e intelixivel,seleccionando o seu formato e a canle técnica.

3

SECUENCIA DE CONTIDOS

UNIDADE DIDÁCTICA 1 : A EMPRESA E O SEU MARCO EXTERNO

- Concepto de empresa.Clasificación.Teorías sobre a empresa
- Empresa e empresario
- Modelos de xestión.Funcións básicas do proceso de dirección.A toma de decisión na empresa.A función de control
- Elementos,funcións e obxetivos da empresa.A creación de valor
- Funcionamento global e áreas de actividade
- Responsabilidade social da empresa

-Contorno xeral e específico da empresa.Normas que regulan a vida da empresa

-O sector:análise,estrutura competitiva e estratexias

-Factores de localización espacial da empresa.O tecido empresarial galego.

UNIDADE DIDACTICA 2 : A ACTIVIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA

-Producción.A cadeia de valor.A matriz tecnolóxica

-Clasificación dos procesos produtivos.Asignación dos recursos produtivos

-Custes:Clasificación;cálculo dos custes na empresa

-Equilibrio da empresa no caso xeral.Limiar de rendibilidade da empresa ou punto morto

-I+D.Formas de adquisición de tecnoloxia

-Produtividade dos factores e rendibilidade

-Programación,avaliación e control de proxectos

-Os inventarios e a xestión dos stocks,o seu custe e evolución temporal.O modelo de Wilson

-Dimensión empresarial:concepto e criterios de medición.A dimensión da empresa en Galiza

-O crecemento da empresa;crecemento interno e crecemento externo.estratexias de fusión e adquisición.Cooperación entre empresas

-A internacionalización.A competencia global.A empresa multinacional.A nova economía.Comercio electrónico

4

UNIDADE DIDACTICA 3 .A ACTIVIDADE COMERCIAL DA EMPRESA

-Concepto e clases de mercado

-A empresa ante o mercado

-A segmentación do mercado

-A mercadotecnia-mix : produto,prezo,promoción e distribución

UNIDADE DIDÁCTICA 4 . A ACTIVIDADE FINANCIERA DA EMPRESA

-O patrimonio da empresa.Valoración dos elementos patrimoniais.Masas patrimoniais.Estrutura económica da empresa:activo fixo e circulante.Recursos financeiros da empresa:recursos propios e recursos alleos.O fondo de manobra

-Financiamento interno ou autofinanciamento.Fontes de financiamento externo da empresa

-Valoración e selección de proxectos de investimento : métodos estáticos e dinámicos

-Obrigacións contabilísticas da empresa.As contas anuais.O balance e a conta de perdas e lucros.O balance social

-Análise da información contábel.Os equilibrios financeiros

-Principais rátios económico-financieros.O periodo medio de maduración

UNIDADE DIDACTICA 5.A ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

-Concepto de organización

-Organización e xerarquia:xestión dos recursos humanos;organización formal e organización informal;programación e comunicación

-Canles da información

- División do traballo
- Coordenación e tecnoloxía
- Motivación dos traballadores
- Xestión do coñecemento
- Deseño da estrutura da organización:agrupamento de unidades
- Tecnoloxías da información

5

TEMPORALIZACIÓN

Durante O PRIMEIRO TRIMESTRE abordaremos:

A EMPRESA E O SEU MARCO EXTERNO

A ACTIVIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA

Durante o SEGUNDO TRIMESTRE:

A ACTIVIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA (continuación)

A ACTIVIDADE COMERCIAL DA EMPRESA

Durante o TERCEIRO TRIMESTRE:

A ACTIVIDADE FINANCEIRA DA EMPRESA

A ORGANIZACIÓN DA EMPRESA

6

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

NA PRIMEIRA UNIDADE DIDACTICA:

Contidos procedimentais:

-Distinguir os distintos tipos de empresas a partir de exemplos concretos de empresas que coñezan os alumnos e as alumnas. Considerar a influencia de ditas empresas a nivel económico, social e medioambiental .

-Contrastar a idea intuitiva que as alumnas e os alumnos teñen da figura do empresario co enfoque das distintas teorías.

-Analizar a legislación laborável e fiscal que afecta ó funcionamento da empresa.

Contidos atitudinais:

-Interés por comprender o funcionamento das empresas

-Valorar a importancia das empresas, tanto públicas como privadas, na nosa sociedade e en concreto a importancia das pymes na economía galega

-Valorar o papel legislativo do Estado na vida empresarial.

NA SEGUNDA UNIDADE DIDACTICA :

Contidos procedimentais

-Distinguir entre os diferentes tipos de custes dentro da empresa

-Distinguir entre os diferentes métodos de valoración das existencias

-Contrastar os tamaños das empresas. Distinguindo entre pequena, mediana e grande

Contidos atitudinais

- Valorar a importancia do control de custes dentro da empresa
- Comprender as consecuencias de aplicar diferentes métodos de valoración das existencias
- Valorar e enxuizar o tamaño das empresas desde o punto de vista da eficiencia,e da calidade no traballo e da calidade de vida.

NA TERCEIRA UNIDADE DIDACTICA :7

Contidos procedimentais

- Distinguir os diferentes tipos de mercado
- Analizar a importancia do mercado para a empresa
- Contrastar as técnicas de marketing que aplican as empresas

Contidos atitudinais

- Valorar o mercado como determinante da viabilidade dunha empresa
- Valorar as formas de actuación comercial das empresas
- Enxuizar os problemas éticos e legais derivados do marketing

NA CUARTA UNIDADE DIDACTICA :

Contidos procedimentais

- Distinguir os diferentes elementos do patrimonio empresarial
- Analizar o papel da contabilidade na vida da empresa
- Coñecer a normativa reguladora da contabilidade empresarial
- Distinguir os diferentes rátios informativos da situación da empresa
- Contrastar as formas de financiamento dunha empresa

Contidos atitudinais

- Comprender o papel da contabilidade para unha correcta xestión do patrimonio empresarial
- Valorar a normativa reguladora da actividade contabilística
- Valorar a importancia da aplicación rigorosa dos principios contabilísticos
- Comprender a necesidade e o papel dos instrumentos contabilísticos para unha correcta valoración do patrimonio empresarial
- Enxuizar as formas de financiamento da empresa desde o punto de vista da eficiencia empresarial

8

NA QUINTA UNIDADE DIDACTICA:

Contidos procedimentais

- A partir de exemplos reais,por exemplo a cadeia de montaxe dunha empresa,estabelecer a necesidade da división do traballo
- A partir de exemplos concretos distinguir os modelos de organización básicos
- Comparar os distintos estilos de dirección e organización cos seus correspondentes sistemas de información dentro da empresa
- Planificar unha visita a unha empresa para que as alunas e os alumnos obteñan información in situ do organigrama da mesma,os seus canais de información,nivel tecnolóxico,etc
- Realizar simulacións sobre un proceso de selección de perssoal

Contidos atitudinais

-Valorar a importancia para unha empresa de contar coa estrutura organizativa e canais de información axeitados

-Valorar a importancia para a empresa de contar co persoal axeitado en cantidade e calidade,assim como que este se ache motivado no seu traballo

9

MINIMOS ESIXIBLES

Debido a que esta asignatura forma parte das probas de acceso á universidade ,os mínimos esixibles son todos os contidos da programación que se esixen nesas probas.

Por este motivo,ainda que no libro-guia de texto figuran 3 métodos de valoración de existencias,non se esixirá en exame o método lifo,por non formar parte dos contidos de acceso á universidade,independentemente de que se os alumnos mostran interés e hai tempo,o profesor pode explicar este método de valoración de existencias.Tampouco,apesar de que figura no libro de texto,non se esixe ao alumnado resolver exercicios de IVA,independentemente de que dependendo do seu interés o profesor poida explicalos

10

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación consistirá,fundamentalmente,en exames escritos basados no libro de texto.Ao final de cada 2 temas procederase a realizar un exame-control .Como o libro de texto ten os contidos repartidos en 14 temas,habrá un máximo de 7 exames-control durante o curso.

Cada exame estrutúrase en 10 preguntas escollidas entre as”ideas clave” e as “actividades de autoavaliación” ,que hai ao final de cada tema do libro de texto,e dependendo das circunstancias tamén se pode incluír no exame algún apartado do tema.Sempre que as circunstancias o xustifiquen ofrécese a posibilidade de mellorar a nota do exame aportando algún traballo,individual ou colectivo, que se entregará ao final do exame e,se procede,súmase a puntuación obtida polo traballo á calificación obtida polas respostas ás preguntas.Esa puntuación por traballo aportado será entre 0 e 2 puntos

Permítese repetir cada un dos exames,por unha soa vez,cando o alumno quere mellorar a nota.

O alumno,despois de que o exame é cualificado recíbeo do profesor,para que poida autoavaliarse e despxear as dúbidas sobre a cualificación recibida,comprendendo cales son os fallos cometidos e asumindo a xusteza da cualificación obtida.

Tamén se ofrece ao alumno a posibilidade de participar,voluntariamente,no concurso convocado por Young Business Talents ,un simulador empresarial denominado Praxis MMT .
(www.youngbusinesstalents.com).

Esa participación é recompensada na nota trimestral en función do esforzo realizado e a capacidade demostrada ,como máximo sumará 2

Por último,tamén forma parte do proceso de avaliación e cualificación a solución-resposta do alumno a cuestións que espontáneamente o profesor prantexa a modo de concurso durante as clases maxistras,e que demostran formación,intelixencia,ou calquera outra habilidade que xustifique o premio.

11

INSTRUMENTOS DE AVALIACION

Exames escritos;traballos individuais ou colectivos;simuladores empresariais por ordenador;concursos de solución-resposta a problemas durante as clases maxistras;notas de prensa,

artigos,ou informes relacionados coa materia que se imparte; pizarra;ordenador

12

CRITERIOS DE CUALIFICACION

A cualificación baséase fundamentalmente en exames escritos.Os exames,asi como a exposición do profesor,siguen o libro-guia de texto “Economía da Empresa”.Autor:Rafael Prieto-Puga Fariña.Editorial Baía Edicións.Abril 2009..ISBN 978-84-92630-10-3.

O temario do libro,que se adapta totalmente aos contidos legalmente esixidos nas probas de acceso á universidade,consta de 14 temas.Haberá 7 exames ao longo da programación,o contido de cada exame abarcará 2 temas.O motivo de que se fagan exames de 2 temas e non 1 tema,como en Economía de 1º bacharelato,é que esta asignatura,Economía da Empresa,forma parte das probas de acceso á universidade,e convén que o alumno se habitúe a memorizar unha maior masa de coñecementos,exercitándose así para unha proba que consistirá nun único exame cos contidos dos 14 temas.

A puntuación obtida en cada un dos exames incorpórase ao cálculo da media aritmética da nota de cada avaliación.

Esa puntuación é o resultado da suma dos puntos obtidos en cada unha das dez preguntas.A valoración de cada resposta será:0 0,25 0,50 0,75 1.

Cada un dos exames terá unha puntuación de entre 0 e 10,resultado de sumar os puntos obtidos nas respostas a cada unha das 10 preguntas.Pode haber algún exame con menos de dez preguntas debido a que algunha delas,por ser un exercicio de certa complexidade pode sumar ata 3 puntos,que ao mesmo tempo poden estar repartidos entre os distintos apartados-resposta.Neste caso ,de preguntas que poden chegar a acadar 3 puntos,no exame figurará a valoración que dá o profesor a cada un deses distintos apartado-resposta que forman parte dunha única pregunta puntuada con mais de 1.

No caso de que por este medio o alumno non teña acadada a puntuación necesaria para aprobar,ten a opción de repetir algún dos exames para acadar a puntuación que necesite.

En todos os casos as preguntas dos exames son escollidas entre as ideas clave e as actividades de autoavaliación que figuran ao final do temario do libro antes mencionado,e apartados do temario.Tamén,excepcionalmente,pode formar parte do exame algún apartado que elabore o profesor para corrixir a perda de actualidade de certas partes do libro de texto,como as que tratan sobre lexislación laboral ou fiscal.

Se o alumno ten interes,o profesor pode ofrecerlle a posibilidade de realizar algún traballo de investigación que sumaria puntos á cualificación obtida no exame, en función do esforzo realizado e a capacidade demostrada.O máximo de puntos a acadar por esta vía sería de 2, polo que nas probas de exame tería que acadar como mínimo 3 puntos para garantir o aprobado

A eses puntos obtidos mediante exames,súmanse ,na cualificación correspondente á avaliación final entre 0 e 2 puntos polos traballos individuais ou colectivos realizados durante o trimestre.

A nota final do exame se non é un número enteiro,será redondeada a favor do alumno si iguala ou supera os 5 decimais,e en contra si non cumpre esa condición.Excepcionalmente,por motivo de unha atitude especialmente positiva, o redondeo faise a favor se o resultado non sae enteiro,aínda que non acade os 5 decimais.Tamén pode o profesor conservar a cualificación do exame,sin redondeos,si ten dúbidas sobre o comportamento e a atitude do alumno,e así llo fará constar.

13

Unha vez obtida a media aritmética dos exames que corresponden á avaliación,aplicase o mesmo criterio de redondeo exposto anteriormente para a calificación de cada un dos exames,coa excepción de que neste caso o profesor non poderá manter unha calificación con decimais.Cando o comportamento-atitude e os coñecementos demostrados polo alumno o ameriten esa nota pode ser

mellorada.

A cualificación obtida na avaliación final ordinaria é o resultado da media aritmética das avaliacións trimestrais, mellorada, nalgúns casos, en función do comportamento, atitude, ou habilidades e coñecementos amosados polo alumno ao longo do curso, e que non se refrexaron nos exames. No caso de que o alumno amosase un comportamento negativo para cos compañeiros ou o profesor, ou unha atitude negativa para a asignatura, respétase o resultado da media aritmética obtida. En casos especialmente graves de comportamento se a media aritmética é inferior ao 5 o profesor pode redondear a 4 a cualificación final.

Este criterio tamén se manterá para a cualificación extraordinaria de setembro

14

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES

A avaliación de pendentes realizarase mediante un exame único en cada avaliación. Na primeira avaliación, os contidos do exame son os correspondentes á unidade didáctica 1 e parte da 2 da programación. Na segunda avaliación, o exame comprenderá os contidos da 2ª parte da unidade didáctica 2 e de toda a unidade didáctica 3 da programación. O exame correspondente á última avaliación tratará sobre os contidos das unidades didácticas 4 e 5 da programación. O libro manual para a preparación dos exames é o da editorial “Baía Edicións”, autor :”Rafael Prieto-Puga Fariña”. Abril 2009. ISBN:978-84-92630-10-3. Cada un dos exames terá unha puntuación de entre 0 e 10, resultado de sumar os puntos obtidos nas respostas a cada unha das preguntas. Pode haber algún exame con menos de dez preguntas debido a que algunha delas, por ser un exercicio de certa complexidade pode sumar ata 3 puntos, que ao mesmo tempo poden estar repartidos entre os distintos apartados-resposta. Neste caso, de preguntas que poden chegar a acadar 3 puntos, no exame figurará a valoración que dá o profesor a cada un dos apartados-resposta que forman parte dunha única pregunta

No caso de que por este medio o alumno non teña acadado a puntuación necesaria para aprobar, ten a opción de repetir algún dos 3 exames para acadar a puntuación que necesite. Tamén ten a opción de renunciar a participar nas convocatorias de exame por avaliación e facer un exame final único en xuño que abarcaria os contidos mínimos da programación,

En todos os casos as preguntas dos exames son escollidas entre as ideas clave e as actividades de autoavaliación que figuran ao final do temario do libro antes mencionado, e apartados do temario. Tamén, excepcionalmente, pode formar parte do exame algún apartado que elabore o profesor para corrixir a perda de actualidade de certas partes do libro de texto, como as que tratan sobre lexislación laboral ou fiscal.

Se o alumno ten interese, o profesor pode ofrecerlle a posibilidade de realizar algún traballo de investigación que sumaría puntos á cualificación final en función do esforzo realizado e a capacidade demostrada. O máximo de puntos a acadar por esta vía sería de 2, polo que nas probas de exame tería que acadar como mínimo 3 puntos para garantir o aprobado

15

PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS

No texto da Orden 24/06/2008, artigo 3.7, non se menciona a esta asignatura polo que non é necesario ningún procedemento para acreditar os coñecementos previos.

O departamento ten previsto realizar unha enquisa entre o alumnado para saber cales son os coñecementos de partida, tendo en conta que un alumno pode matricularse nesta asignatura sen ter previamente cursada Economía en 1º de bacharelato.

16

METODOLOXIA DIDÁCTICA

Empregarase unha metodoloxía expositiva combinada coa técnica interrogativa, de xeito que os alumnos e as alunas realizen constantemente un contraste entre o que están aprendendo, as súas ideas previas e a realidade que os rodeia.

As alunas e os alumnos tamén realizarán traballos en grupo, e debates sobre temas de actualidade relacionados coa materia. Na medida que o tema o permita, realizaranse simulacións.

En todo momento favorecerase a participación activa e construtiva das alunas e os alumnos no desenvolvemento das sesións.

Todo isto está supeditado ao principio innegociable de: HAI QUE REMATAR A PROGRAMACIÓN CON TEMPO suficiente para que o alumnado poida presentarse ás probas de acceso á universidade.

Este obxectivo, de priorizar os intereses dos alumnos e alunas que pretenden ingresar na universidade, esixe aplicar unha metodoloxía baseada na disciplina horaria, evitando que un tema, por moi interesante que sexa absorva un tempo que se necesita para rematar de explicar e examinar de todos os contidos da programación no mes de maio.

Os traballos complementarios que se lle propoñen aos alumnos poden ser de investigación ou de resumo-sintetización de documentos. Sempre son voluntarios, e conectados coa materia que se está explicando. Tamén se invita ao propio alumno a que propoña él o traballo que quere facer, xa sexa de investigación ou de resumo-sintetización, e que sempre vai ser recompensado con puntos que suman á cualificación, previamente negociados, nunca máis de 2. Normalmente acéptase a súa proposta, e o profesor debe asegurarse de que a recompensa en puntos foi xustamente concedida.

17

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Os valores nos que se pretende educar son os que se considera deben acompañar a actividade empresarial para que esta sexa unha actividade socialmente útil: a honradez e a honestidade son, polo menos eran, as señas de identidade do empresario.

Xunto a estes valores fundamentais inténtase concienciar ao alumnado da asignatura na defensa da saúde pública, na medida en que dela depende o éxito da grande maioría das actividades empresariais, esa defensa da saúde pública conleva o rexeitamento de actividades empresariais moi lucrativas, como o narcotráfico.

Tamén forma parte da educación en valores a defensa e protección do medio ambiente; o respecto á lei; a igualdade de oportunidades; a non discriminación por razóns de sexo, nacionalidade, ideoloxía, relixión, etc; e a oposición a todos aqueles prexuízos que dificultan o desenvolvemento económico.

18

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A existencia na aula dun proxector permite ilustrar dun xeito cómodo e eficiente as explicacións teóricas, ou resolver as dúbidas, con documentos extraídos, vía Internet, usando o ordenador da aula. As TIC son utilizadas, fundamentalmente, para obter información. Neste intre, o principal proxecto do departamento de economía, dentro do plan TIC, é a formación de equipos de alumnos para participar no concurso Young Business Talents, un simulador empresarial de terceira xeración. Este proxecto, para os alumnos desta asignatura está condicionado ao obxectivo de rematar a programación con tempo, polo que si se considera que orixina problemas, abandónase

Tamén son usadas as TIC para actualizar a información que figura no libro de texto, principalmente no relativo á lexislación laboral e fiscal, e sobre outros temas como o protocolo de Kyoto

19

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia elaborado polo noso Centro Educativo aspira a imbuir no alumnado a cultura da paz e da convivencia. Na maior parte dos casos reais nos que se quebran eses valores hai razóns económicas detrás, polo que ao invitar ao alumnado a investigar e analizar as motivacións económicas dos feitos que atentan contra a paz e a convivencia, o alumnado vai comprendendo que para que eses valores se impongan é necesario que as condicións económicas sexan favorables.

A asignatura de economía da empresa invita ao alumnado a ir á raíz dos problemas facendo, polo tanto, unha aportación valiosísima ao éxito do plan de convivencia, e da cultura da paz. Neste momento o Departamento está especialmente implicado na erradicación da cultura do narcoconsumo, que é considerada como o principal motivo de deterioro da convivencia e de indisciplina no Centro Escolar, explicando os efectos dañinos do consumo de estupefacientes sobre as capacidades laborales, mentales e intelectuais da poboación, e a negativa repercusión que teñen eses feitos sobre a empresa, a convivencia e a paz, sin eludir en ningún momento o debate, o respecto das opinións dos demais, ou a apertura de traballos de investigación que clarifiquen as dúbidas.

20

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento das sesións empregárase o seguinte material:

- pizarra
- xornais
- carteis
- fotocopias
- ordenador
- proxeutor

Ademais utilizarase o seguinte libro de texto:

Título: Economía da Empresa.

Editorial: Baía Edicións.

Autor: Rafael Prieto-Puga Fariña

1ª edición. Abril 2009.

ISBN: 978-84-92630-10-3

Este curso tamén se pretende aproveitar a oferta de participación gratuita no concurso organizado por YOUNG BUSINESS TALENTS, (www.youngbusiness Talents.com) pero supeditado a que non afecte ao obxectivo de rematar de explicar e examinar todos os contidos da programación.

21

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido a que nesta asignatura o tempo apremia, pola prioridade que ten o obxectivo de rematar a programación en maio, o departamento só ten prevista unha actividade extraescolar: consiste en saír un día de visita á XVI Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados que se celebra no IFEVI de Vigo, os días 7, 8 e 9 de outubro de 2014. Considérase a asistencia a esta Feira interesante porque resulta moi instructiva para o alumnado e o custo da asistencia en termos monetarios e de horario é mínimo, debido á cercanía.

De chegar a asistir a esa Feira o alumnado será invitado a elaborar un informe de natureza económica sobre a experiencia vivida, que será puntuado polo profesor e añadido á nota da avaliación trimestral.

A actividade complementaria que está previsto ofrecerlle ao alumnado desta asignatura é a participación no concurso organizado por YOUNG BUSINESS TALENTS, (www.youngbusinesstalents.com), e que se realizará si o desexan e non entorpece o obxectivo de rematar toda programación en maio. Considérase unha actividade moi interesante aínda que para o seu óptimo aproveitamento esixese ao alumnado a dedicación dun tempo e un esforzo que non sempre son compatibles cos seus obxectivos de obtención do título de bacharelato, polo que se lles premia na nota polo esforzo realizado e os éxitos acadados, pero nin se lles obriga a participar nin se lles presiona para que non abandonen

22

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACION

A programación será avaliada trimestralmente poñendo especial atención nos contidos expostos polo profesor, e que se materializan nos temas do libro impartidos durante o trimestre, e nos resultados obtidos nos exames.

Pártese dos seguintes principios:

1) O tempo é ouro, non hai un minuto que perder mentres estamos en clase, porque ao longo do curso probablemente aparecerán perdas de horario lectivo imprevistas. O profesor deixará claro desde o primeiro día que o alumnado non debe preocuparse de ir

demasiado á presa, ou máis á presa que noutras asignaturas, porque non se lle van esixir máis contidos que os programados, polo que o gañado na programación durante un trimestre vaillles permitir ir máis folgados no seguinte, e disporán de máis tempo para preparar outras asignaturas.

2) Esixencia ata o límite. Esta asignatura forma parte das probas de acceso á universidade polo que hai que esixir ao alumnado o máximo posible para que obteña nesas probas a maior puntuación posible. Por conseguinte, todas as horas lectivas serán dedicadas exclusivamente a impartir a materia e a actividades complementarias relacionadas coa materia.

OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

3º e 4º da eso

Esta materia impártese só en 4º da ESO. O Departamento de Economía do IES Escolas Proval é no curso 2014-2015 cando comeza a impartir esta materia. Ata este curso esa materia foi adxudicada aos Departamentos de FOL e de Administrativo.

Por carecer dunha experiencia propia, e á vista das programacións existentes, considérase como máis interesante usar como guía a programación do IES Fontefria da localidade coruñesa de Muros.

Este Departamento, non obstante contar con esa guía como modelo de programación, ten a intención de, a maiores:

1º) Ofertar ao alumnado a posibilidade de crear dentro do recinto do IES Escolas Proval empresas reais, non simples simulacións, a partir do mercado real potencial de centos de alumnos e alumnas e decenas de profesores e profesoras. O departamento propónse ofrecer a aqueles alumnos e alumnas dispostos a crear unha empresa real, todo o apoio, asesoramento, financiación, etc.

2º) Ofertar ao alumnado de 4º curso da ESO a posibilidade de participar no programa de simulación empresarial youngbusinesstalents.com, que comeza no mes de novembro e remata en abril. Sobre a participación neste programa hai experiencia con alumnos e alumnas de bacharelato, só que agora vaise intentar que a participación no concurso sexa a tarefa central durante eses meses de duración, para os alumnos e alumnas de 4º da ESO. O alumnado de 3º da ESO non participará oficialmente porque non están invitados polos responsables da simulación.

EXAMES E CALIFICACIÓN:

Dado que a materia está concebida como un obradoiro, o traballo práctico realizado: empresa

real, proxecto empresarial, participación no concurso de youngbusinessstalents, puntuará entre 0 e 7 puntos.

Tambén haberá un único exame teórico por cada trimestre, que se poderá repetir e recuperar ao longo dos trimestres seguintes. No mes de xuño, haberá unha única proba para a recuperación de exames teóricos pendentes das tres avaliacións ordinarias do curso. Cada exame teórico suma ao resultado da parte práctica entre 0 e 3 puntos.

Departamento

de

Economía

Programación da materia:

Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras

Educación Secundaria Obrigatoria

Cuarto curso

e

Terceiro curso

Profesora:

Curso:

Programación Didáctica da materia de

Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras

Índice:

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E OBXECTIVOS XERAIS.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS.

SECUENCIACIÓN.

OBXECTIVOS, CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES.

TEMPORALIZACIÓN.

OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS.

METODOLOXÍA.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O PROCESO DE AVALIACIÓN.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

TEMAS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE.

Índice

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E OBXECTIVOS XERAIS.

O Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras é unha nova materia optativa a cursar no segundo ciclo da ESO, en terceiro ou en cuarto. En terceiro curso de ESO esta materia terá una carga lectiva de dúas horas semanas e en cuarto de tres horas semanas.

No Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4º, establécense os obxectivos da educación secundaria obrigatoria. Entre eles, o de desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

As sociedades actuais desenvolvidas caracterízanse por unha interconexión e unha complexidade crecentes, que fan xurdir novas necesidades que o eido educativo se ve na obriga de satisfacer.

A globalización económica e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) produciron cambios importantes que teñen fortes repercusións sociais. A terciarización da economía e o aumento dos niveis de consumo, xunto coa extensión de novas formas de pobreza, dan lugar a novas realidades sociais. O paso dunha sociedade industrial a unha sociedade do coñecemento pon en primeiro plano a necesidade de dispoñer dunha formación cada vez máis versátil e flexible.

Os cambios habidos nos últimos tempos no mercado de traballo, os retos que supón o incremento dos movementos migratorios por todo o Planeta, esixen que o sistema educativo contribúa a dar aos novos mozos e mozas as ferramentas necesarias para afrontar este novo mundo globalizado. Estas novas demandas unha nova forma de enfocar as finalidades da educación obrigatoria. A formación adquirida ao longo do ensino obrigatorio debe proporcionar aos nosos alumnos e alumnas os elementos necesarios para comprender e afrontarse ao mundo actual, desenvolvendo competencias que os capaciten para resolver os problemas cos que se van afrontar.

A Lei orgánica de educación reconece como un dos seus principios inspiradores o compromiso decidido cos obxectivos educativos suscitados pola Unión Europea para os próximos anos. Entre eles, destaca a pretensión de que a educación contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica, capaz de lograr un crecemento económico sustentado, acompañado dunha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e dunha maior cohesión social. Así mesmo, reconécese como máis necesario que nunca que a educación prepare a nosa mocidade xoves para un mundo cada vez máis cambiante, onde as tecnoloxías e as ciencias evolucionan a gran velocidade e que a educación facilite o tránsito da etapa da formación ao mundo do traballo e viceversa, nun proceso de aprendizaxe permanente.

Consciente do déficit emprendedor que padecemos en relación a outros países coma os Estados Unidos, a Unión Europea vén promovendo o seu fomento instando os estados membros a crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras.

Así, a partir do Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000 reconeceuse a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico.

Esta é unha das premisas sobre as que descansa o Libro verde sobre o espírito empresarial en Europa (2003) da Comisión Europea, e sobre o que pivota o Plan de acción a favor do espírito empresarial, marco estratéxico do impulso ao tecido empresarial na Unión Europea. O fomento do espírito emprendedor é reconecido como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos que derivan da sociedade do coñecemento.

No marco de la OCDE, na I Conferencia de Ministros responsables de PEME, celebrada en Bolonia en xuño de 2000, os Ministros firmaron a Carta de Bolonia na que se reconece que a competitividade das PEME será favorecida pola creación de políticas de educación e de xestión dos recursos humanos que fomenten a cultura de innovación e de empresa.

Neste contexto, a LOE inclúe entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento da capacidade dos alumnos para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a capacitación para a exercicio de actividades profesionais así como para a participación activa na vida económica. En concreto, na etapa da educación secundaria obrigatoria establécese como finalidade a preparación dos alumnos e alumnas para a súa inserción laboral, prestándolle unha especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

Establécese a materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras coa finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor dos alumnos e alumnas, así como relacionalos co realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa. Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluírá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos; e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación. Esta será a orientación que presida o deseño desta materia.

Contextualización:

Materia: Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras

Dirixido a: Alumnos de 3º e 4º da ESO do IES Fontexería

Horas lectivas semanais: 2 en 3º curso e 3 en 4º

En canto aos obxectivos, o desenvolvemento desta materia debe contribuír a lograr a adquisición das seguintes capacidades:

Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.

Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.

Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.

Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.

Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.

Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.

Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.

Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.

Buscar, seleccionar e interpretar información, utilízala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunícala de forma organizada e intelixible aos demais.

Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

Índice

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A materia de Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos da ESO:

En canto á competencia en comunicación lingüística, a materia esixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos e as alumnas veranse obrigados a expresar pensamentos, a serrar ideas, formarse xuízos críticos, a dialogar, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros). Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, expoñendo as ideas, presentando proxectos e produtos, promocionándoos e relacionándose cos potenciais clientes e provedores.

En canto á competencia matemática, a materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a utilización de ferramentas de cálculo (especialmente no relativo aos custos e aos beneficios). Tamén será frecuente o uso de información cuantitativa para poder valorar diferentes alternativas, xunto cos elementos e razoamentos matemáticos como ferramenta de axuda para resolver problemas relacionados coas situacións da vida cotiá e na toma de decisións.

A materia contribúe á competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico en canto incorpora habilidades para desenvolverse axeitadamente na comprensión de sucesos e na predición das consecuencias das nosas actividades. Por outra banda, as capacidades desenvolvidas con esta materia facilitarán que os alumnos e alumnas poidan interpretar o mundo tendo unha correcta percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade económica humana. As consecuencias no medio físico da actividade levada a cabo polas empresas serán outro aspecto destacable como resultado dos contidos traballados na materia, promovendo un uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva como un dos fins que deberá guiar a actividade empresarial.

A materia Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito especial á consecución da competencia dixital e do tratamento da información. Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento.

A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novidosos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos.... A conexión da materia co desenvolvemento da competencia social e cidadá é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquiriran conciencia da importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patronos e traballadores.

A conexión da materia co desenvolvemento da competencia social e cidadá é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquiriran conciencia da importancia do

papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegando se ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

En canto á contribución á competencia cultural e artística podemos destacar que o contacto coas diferentes realidades culturais no mundo actual obriga ás empresas a adaptar os produtos ás diferentes sensibilidades e necesidades sociais e culturais. As empresas deben coñecer e respectar esas diferenzas e ofrecer diferentes posibilidades e alternativas que satisfagan os potenciais clientes. Por outro lado, as necesidades de deseñar (logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade) contribuirán a desenvolver as capacidades artísticas, de iniciativa, imaxinativas, o fomento da creatividade en suma, dos nosos alumnos.

O Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe á competencia para aprender a aprender, fomentando a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir xuntas bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

No que toca á autonomía e iniciativa persoal, a nosa materia axuda os estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo.

A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia. O desenvolvemento de proxectos emprendedores contribúe a que os alumnos se as alumnas se habitúen a transformar as ideas en accións planificadas, propoñéndose obxectivos, planificando e deseñando, levando a cabo os proxectos e avaliándoos finalmente. Tamén implica desenvolver habilidades relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, a capacidade de organización. En suma, a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, responsabilidade e sentido crítico.

Índice

PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS.

3.1 SECUENCIACIÓN.

UNIDADES DIDÁCTICAS:

UNIDADES TEMÁTICAS:

1.

O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras.

Introducción á materia. A importancia da motivación por emprender: importancia económica e social do emprendedor. As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais: o traballo en equipo e a comunicación. Habilidades de dirección. A idea: Como atopar ideas e fontes de ideas. Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada.

2.

Planificar para emprender.

A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans. Elaboración do plan emprendedor. A concreción da idea de negocio. Elección do negocio. Deseño da imaxe corporativa: Marca e logotipo. Descrición do proxecto A forma xurídica elixida. O empresario individual e as sociedades. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións. A presentación dos promotores. Os fines ou obxectivos e as estratexias de negocio. Como se vai desenvolver. Localización, factores e criterios. Plan de produción. O contorno e a investigación de mercados. A quen vai dirixido o proxecto: os destinatarios. Elementos do proxecto Plan de operacións. Política de produto e política de prezo. A difusión do proxecto: a distribución. Como se vai a dar a coñecer: comunicación A organización da empresa. Os recursos materiais e financeiros: investimento e financiamento.

3.

A posta en marcha: a execución do proxecto.

A posta en marcha. Calendario. Área xurídica. Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais... A protección xurídica. A xestión dos recursos humanos. Os documentos administrativos A previsión dos resultados. Plan de cobros e pagos. Viabilidade. Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora. A memoria do proxecto.

Índice

3.2 OBXECTIVOS, CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES. Unidade didáctica 1: O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras. Obxectivos:

Comprender o concepto da empresa e o significado desta como axente económico necesario.

Comprender o concepto de emprendedor e a súa evolución ao longo do tempo.

Valorar a figura do emprendedor como axente de desenvolvemento e innovación.

Desenvolver o coñecemento específico do espírito emprendedor.

Coñecer e fomentar capacidades emprendedoras que posibiliten nos alumnos afrontar determinados retos no seu futuro persoal e profesional.

Propiciar un comportamento emprendedor que impulse aos alumnos cara unha maior autonomía.

Identificar as diversas funcións que realizan as empresas e os seus sistemas de organización.

Resaltar as habilidades emprendedoras, individuais e sociais.

Desenvolver actitudes e comportamentos acordes co espírito emprendedor: innovación, creatividade, autonomía, autoconfianza, sentido de la responsabilidade, iniciativa, capacidade para tomar decisións e espírito de traballo.

Recoñecer o traballo en equipo como forma actual de organización do traballo e valorar a súa importancia.

Desenvolver o espírito emprendedor mediante a identificación de actitudes, capacidades, habilidades sociais e habilidades de dirección.

Detectar as oportunidades de negocio que ofrece o mercado.

Tomar conciencia da importancia dos factores persoais e interpersonais para afrontar retos e alcanzar obxectivos.

Coñecer as características básicas da empresa española e galega.

Coñecer formas de atopar ideas de negocio.

Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita.

Comprender a importancia da comunicación non verbal.

Recoñecer a existencia de conflitos e entender a negociación como forma de resolución de conflitos

Fomentar a capacidade para a toma de decisións.

Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.

Conceptos:

Introdución á materia. Concepto de emprendedor. A importancia da motivación por emprender: importancia económica e social do emprendedor. As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais: o traballo en equipo e a comunicación. Habilidades de dirección. Fontes de ideas. Como atopar ideas. Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada. Procedementos:

Analizar os motivos para facerse empresario e as desvantaxes de selo.

Busca e obtención de información sobre os tipos de empresas do entorno.

Busca de información de como é a empresa española e a empresa galega.

Realización unha guía das empresas da zona en función da súa actividade, tamaño, etc.

Busca e avaliación de ideas que podan supoñer oportunidades de negocio.

Empregar bancos de ideas.

Analizar exemplos de actividades emprendedoras.

Análise e interpretación de textos relacionados coa empresa.

Analizar as habilidades do emprendedor e determinar se se poder aprender ou son innatas.

Facer unha lista con pros e contras en torno a unha idea de negocio.

Consulta de fontes de información para familiarizarse coa busca de datos sobre un determinado tema.

Actitudes:

Valoración da función social que desempeña a empresa.

Toma de conciencia da contribución que fan as pequenas e medianas empresas ó progreso económico.

Sensibilidade ante a riqueza social producida pola empresa e os custos sociais que xera.

Recoñecer a importancia do espírito emprendedor para el desenvolvemento da economía.

Ser consciente da posibilidade que ofrece o autoemprego para a creación de postos de traballo e a redución do paro.

Fomentar no alumnado a necesidade dunha cultura emprendedora.

Rigor na presentación de ideas e comentarios.

Valoración crítica dos obxectivos da empresa con relación a beneficios e mercados.

Valoración do papel que desempeña o mercado no proceso de produción de bens e servizos cara á satisfacción das necesidades humanas.

Ser consciente da importancia das habilidades comunicativas.

Valoración da actuación dunha empresa, contemplando non só os aspectos de competitividade e incremento da produtividade, senón tamén os referentes á súa responsabilidade social e ética.

Mostrar interese pola evolución de iniciativas empresariais que se desenvolven no seu entorno.

Valoración da importancia do traballo en equipo.

Rigor no análise de informacións extraídas de organismos oficiais.

Toma de conciencia da importancia da internacionalización das empresas.

Disposición favorable ó emprego de novas tecnoloxías na xestión empresarial.

Toma de conciencia da importancia do traballo en equipo.

UNIDADE DIDÁCTICA II.- Planificar para emprender. Obxectivos:

Comprender a importancia de facer un plan de empresa para reducir o risco empresarial.

Coñecer os aspectos fundamentais e os elementos do proxecto empresarial.

Coñecer as funcións e responsabilidades das persoas que traballan nas diferentes áreas dunha empresa.

Obter información e ter capacidade para integrala nun proxecto.

Obter, seleccionar e interpretar información sobre investigación de mercados.

Desenvolver capacidades de negociación e resolución de problemas.

Determinar a localización máis conveniente en función das oportunidades detectadas, ubicación de provedores, posibilidades e custos.

Identifica-las necesidades de: capital, persoal, fontes de financiamento,....

Coñece-la importancia da organización da empresa.

Identifica-las distintas formas de organizar a empresa.

Deseña-la estrutura organizativa e confeccionar organigramas.

Estuda-la organización dunha empresa.

Estuda-lo papel da dirección na empresa.

Desenvolver unha política de recursos humanos consistente.

Comprende-la función da motivación e do liderado na empresa.

Obter, seleccionar e interpretar información relevante sobre o contorno da empresa e a investigación de mercados.

Coñece-los elementos que configuran o patrimonio empresarial.

Coñecer e identificar as distintas formas de financiamento da empresa.

Determinar os instrumentos de investigación comercial.

Desenvolver un plan básico de Marketing.

Dirixir os produtos da empresa e dos grupos de compradores máis axeitados.

Posicionar a empresa fronte ós seus competidores.

Avalia-las posibilidades de execución.

Analizar a rendibilidade do proxecto esquematizando as súas vantaxes e inconvenientes.

Desenvolver habilidades de comunicación e investigación.

Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como instrumento básico da planificación empresarial.

Conceptos: A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans.

Elaboración do plan emprendedor. O plan de empresa: Contido e elementos. Descrición do proxecto

1: A concreción da idea de negocio. Elección do negocio. Deseño da imaxe corporativa: Marca e logotipo. Descrición do proxecto 2: A forma xurídica elixida. O empresario individual e as sociedades. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións. Descrición do

proxecto 3: A presentación das persoas promotoras do proxecto. Características, experiencia no sector,...

Creación do currículum vitae dos emprendedores. Descrición do proxecto 4: Os fines ou obxectivos e estratexias de negocio. Descrición do proxecto 5: Como se vai desenvolver.

Localización, factores e criterios. Descrición do proxecto 6: o contorno e a investigación de mercados. Elementos do proxecto 1: A quen vai dirixido; os destinatarios. A área comercial: A clientela potencial. Elementos do proxecto 2: Plan de operacións: aprovisionamento e produción. Políticas de produto e de prezo. Elementos do proxecto 3: A difusión do proxecto; a distribución. Elementos do proxecto 4: Como se vai a dar a coñecer. A comunicación: promoción e publicidade, fórmulas para atraer á clientela. Medidas promocionais. Atención ó cliente e servizo pos-venda. Elementos do proxecto 5: Os recursos humanos necesarios. Distintas formas de organizar a empresa. Distribución de funcións e tarefas. O organigrama. A motivación no traballo. Elementos do proxecto 6: Recursos materiais e recursos financeiros. O financiamento necesario. As axudas aos proxectos emprendedores. Fontes de financiamento e a súas clases. Medios de cobro e pagamento. Procedementos:

Sintetizar en poucas liñas a descrición dun negocio.

Recoñecemento da función parcial de cada unha das áreas de actividade das empresas, así como das súas relacións.

Distribuír ó alumnado por grupos de traballo pequenos onde, partindo dunha idea de negocio se elabore un proxecto simulando a súa posta en marcha e analizando a súa viabilidade de acordo cos pasos previstos nos contidos conceptuais.

Analizar a importancia de definir obxectivos como punto de partida de calquera proxecto.

Analizar factores para localizar distintos negocios.

Deseñar a imaxe corporativa dun negocio. Deseñar un logotipo.

Realización de estudos de mercado no seu entorno próximo.

Análise das características do produto ou servizo.

Determinación da oferta máis vantaxosa dos produtos ou servizos existentes no mercado, en función do prezo, prazo de entrega, calidade, transporte, desconto, volume de pedido, condicións de pagamento, garantía e condición pos-venda.

Realizar o currículum vitae dos promotores.

Descrición dos medios máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto ou servizo.

Deseñar o reparto das funcións a desempeñar e representar a organización dun proxecto mediante un organigrama.

Analizar os posibles destinatarios dun proxecto.

Buscar distintas fontes de busca de candidatos a un posto.

Analizar técnicas de selección de persoal.

Buscar o convenio colectivo dun proxecto e analizar as súas características principais.

Recoñecemento das diferentes técnicas de vendas.

Analizar as posibilidades de Internet como forma de distribución dos produtos ofrecidos.

Deseñar anuncios, carteis, displays,... para o punto de venda.

Analizar posibles fórmulas de comunicación e promoción.

Elaboración dun esquema de clasificación das distintas formas de financiamento dunha empresa e comparar as vantaxes e inconvenientes das distintas formas de financiamento.

Comparar varios medios de pagamento.

Elaborar orzamentos sinxelos de tesourería.

Consulta de fontes de información para familiarizarse coa busca de datos secundarios sobre un tema.

Actitudes:

Toma de conciencia do que significa o éxito empresarial e a súa relación cunha boa planificación.

Rigor no análise de informacións extraídas de organismos oficiais e non oficiais.

Toma de conciencia para aproveitar os recursos dos que se dispón.

Importancia do proxecto empresarial como elemento que determinará a viabilidade do negocio.

Actitude non sexista na elaboración dun organigrama dunha empresa.

Planificación do traballo; orde e claridade na toma de datos e presentación dos resultados.

Interpretación, a partir de exemplos reais, das vantaxes e inconvenientes de división do traballo, relacionándoa coa necesidade de coordinación e o condicionante que para esta supón a tecnoloxía da empresa.

Colaboración col grupo nas distintas actividades a realizar.

Valora-la importancia da estrutura organizativa da empresa como ferramenta imprescindible para o seu bo funcionamento.

Saber valorar e respectar o nivel de xerarquía das diferentes persoas que desenvolven o seu traballo na empresa.

Transmitir confianza en si mesmos e a ilusión no seu proxecto así como saber elixir ós seus colaboradores e formar un bo equipo.

Que o alumnado comprenda a importancia das distintas fontes de financiamento pola repercusión que teñen no funcionamento da empresa.

Valoración da necesidade que ten a empresa de financiamento e resaltar a importancia da selección e utilización de cada unha das diferentes fontes de financiamento segundo as circunstancias de cada momento.

Valoración e cumprimento das normas legais no proceso de compravenda.

Concienciación sobre a importancia das vendas para conseguir o obxectivo da empresa .

A influencia da publicidade e a promoción de vendas como instrumento fundamental na consecución dun maior volume de vendas.

O servizo pos-venda como instrumento imprescindible nunha boa xestión comercial.

Disposición favorable ó emprego de novas tecnoloxías na xestión empresarial.

Toma de conciencia da importancia do traballo en equipo.

UNIDADE DIDÁCTICA III.- A posta en marcha: a execución do proxecto. Obxectivos:

Diferenciar as distintas formas xurídicas que pode adoptar a empresa.

Seleccionar a forma xurídica máis adecuada segundo o capital dispoñible, riscos, número de socios...

Coñece-las características do empresario individual e as súas responsabilidades.

Coñece-las características dos distintos tipos de sociedades e as súas responsabilidades.

Seleccionar a forma xurídica máis adecuada as características da empresa simulando os trámites de posta en marcha.

Relacionar as características dos distintos tipos de empresas.

Coñece-lo proceso de posta en marcha dunha empresa e identificar os organismos oficiais competentes.

Identificar as principais obrigas mercantís, fiscais e sociais das empresas.

Que sexa capaz de cumprimentar a documentación básica requirida.

Conceptos: A posta en marcha. Calendario. Área xurídica. Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais... Ventanilla única e relación cos organismos e outras entidades. A protección de ideas. Tipos de protección da propiedade industrial. Estudio da obrigación que teñen as empresas de protexer os datos de carácter persoal cos que traballan. Estudio dos distintos impostos que afectan/poden afectar ó empresario no desenvolvemento da súa actividade empresarial. Estudio de distintos temas en materia de traballo e Seguridade Social que son interesantes tanto para empresarios como para traballadores. Deseño dun plan de prevención de riscos laborais. A protección xurídica. Os recursos humanos e a súa xestión. Selección e contratación. Formación e promoción. Os documentos administrativos. Como saber negociar. A previsión dos resultados. O orzamento de tesourería e a contabilidade. Rendibilidade e viabilidade da empresa. Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora. A memoria do proxecto.

Procedementos:

Identificación dos organismos oficiais que interveñen no proceso de creación dunha empresa.

Recompilación ós organismos competentes a documentación correspondente e cumprimentación dos modelos pertinentes.

Cumprimentación de los impresos oficiais necesarios para la creación de la empresa.

Identificación dos organismos oficiais que axudan ás empresas.

Planificación e posterior execución dunha visita a unha empresa, elaborando o seu organigrama e un informe razoado das observacións efectuadas.

Actitudes:

A importancia da elección da forma xurídica polos efectos que ten a nivel de responsabilidade social, obrigas legais e trámites administrativos.

Importancia da documentación administrativa no proceso de creación da empresa.

Disposición favorable ó emprego de novas tecnoloxías, e interese por respecta-los datos privados.

Actitude activa ante os diferentes organismos de recollida de documentación e cumprimentación da mesma.

Actitude activa fronte as axudas a creación de empresas.

Concienciación sobre a necesidade de manter un proceso de avaliación e control sobre o proxectado.

Toma de conciencia da importancia do traballo en equipo.

Índice

OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS

Obxectivos mínimos

Valorar á empresa como xeradora de riqueza e emprego.

Valorar o autoemprego.

Identificar os trazos esenciais das persoas emprendedoras.

Identificar a natureza, funcións e principais características dos diferentes tipos de empresa.

Diferenciar os tipos de empresas segundo a súa forma xurídica, en particular mostrar interese polas formas de economía social.

Dominar formas de xeración de ideas de negocio.

Determinar os aspectos esenciais dun plan de empresa.

Analiza-lo funcionamento económico global da empresa a partires da función específica de cada unha das súas áreas de actividades, as súas relacións internas e a súa dependencia externa.

Obter, seleccionar e interpretar información e tratala de forma autónoma, adaptando métodos axeitados a cada situación particular e aplicala á resolución de problemas prácticos.

Transmitir e comunicar información de forma organizada e intelixente seleccionando o formato técnico máis adecuado en función do contido, intencións do mensaxe e características do receptor.

Empregar as TIC como ferramentas de traballo.

Empregar linguas estranxeiras, en particular o inglés de negocios.

CONTIDOS MÍNIMOS

Concepto de empresa, emprendedor, elementos e funcións da empresa.

Concepto de empresario, emprendedor e traballador autónomo. Habilidades do emprendedor.

Fontes de ideas emprendedoras.

Valoración da idea.

Concepto de plan de empresa e o seu contido esencial.

Elaboración do proxecto empresarial.

Saber resumir as características e requisitos do produto ou servizo.

Elaborar un curriculum vitae.

Coñecer as distintas formas de organizar a empresa.

Concepto e confección de organigramas.

Deseñar a estrutura organizativa da empresa e confeccionar organigramas.

Elaborar curriculum vitae.

Concepto de patrimonio e elementos patrimoniais.

Fontes de financiamento e as súas clases.

A función de compras: prezo, prazo e forma de entrega.

A función de vendas: técnicas de venda e política de prezos.

Canles e modalidades de distribución do produto.

A comunicación : publicidade e promoción de vendas, atención ao cliente, servizo pos-venda,...

Formas de selección de persoal.

Obrigas das empresas cos seus empregados.

Confección dunha nómina.

Redacción dun contrato de traballo.

Identificar as distincións básicas entre contratos de traballo.

Cumprimentación da documentación básica requirida no proceso de posta en marcha.

Concepto e clasificación de impostos que afectan a actividade empresarial.

Coñecer documentos mercantís usuais relacionados coa xestión administrativa das empresas (nota de pedido, proposta de pedido, albarás, facturas medios de cobro e pago,....).

Proceso de posta en marcha dunha empresa.

Coñecer as formas xurídicas das empresas e distinguilas.

Índice

TEMPORALIZACIÓN.

Esta materia conta con tres horas semanais en cuarto e de dúas en terceiro que se repartirán, aproximadamente do seguinte xeito:

UNIDADES: AVALIACIÓNS
Introdución á materia. A importancia da motivación por emprender: importancia económica e social do emprendedor. As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais: o traballo en equipo e a comunicación. Habilidades de dirección. Fontes de ideas. Como atopar ideas. Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada. A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans. Elaboración do plan emprendedor. A concreción da idea de negocio. Elección do negocio. Marca e logotipo. A forma xurídica elixida. O empresario individual e as sociedades. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións. A presentación dos promotores. Os fines ou obxectivos e as estratexias de negocio. Como se vai desenvolver. Localización, factores e criterios.

Primeira

O contorno e a investigación de mercados. A quen vai dirixido o proxecto: os destinatarios. Plan de operacións: aprovisionamento e produción. Políticas de produto e de prezo. A difusión do proxecto. Como se vai a dar a coñecer. A organización da empresa. Os recursos materiais e financeiros.

Segunda

A posta en marcha. Calendario. Área xurídica. Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais... A protección xurídica. Xestión dos recursos humanos. Os documentos administrativos. A previsión dos resultados. Plan de cobros e pagos. Viabilidade. Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora. A memoria do proxecto.

Terceira

Índice

METODOLOXÍA.

O Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras en 3º ou 4º de Educación Secundaria Obrigatoria é unha materia para desenvolver nos alumnos e alumnas competencias emprendedoras e estimular a súa curiosidade polo mundo da empresa.

Polo tanto relaciónase co mundo da empresa por medio dunha metodoloxía dinámica, práctica e innovadora que combina o traballo individual co traballo en equipo, baseada nos seguintes aspectos:

Hai que potenciar o traballo en grupo e unha actitude de cooperación, aspectos básicos para unha actitude emprendedora:

Promovendo a solidariedade, o espírito de equipo, o respecto e a tolerancia.

Posibilitando as relacións entre os alumnos.

Incrementando a súa valoración persoal, o rendemento e a motivación.

Desenvolvendo o sentido de la responsabilidade.

Posibilitando a colaboración entre compañeiros.

Favorecendo a integración do alumno no grupo.

Fomentar o autoaprendizaxe, por exemplo mediante simulacións e xogos.

Favorece a aprendizaxe por descubrimento. Preténdese que o alumno descubra por si mesmo conceptos, técnicas e comportamentos relacionados coa actividade emprendedora. Sitúa ao alumnado ante o reto de crear unha empresa e traballar nela de maneira real, contactando con socios, provedores, clientes, entidades financeiras,.. A observación e a exploración do contorno, a planificación e a organización do traballo, a realización de diferentes tarefas, a asunción de responsabilidades e a toma de decisións propias da actividade empresarial, etc. son accións que posibilitan a adquisición de aprendizaxes significativas e útiles para o desenvolvemento persoal e profesional dos participantes.

Fomentar a lectura de artigos técnicos na prensa (tradicional e dixital) especializada para comentar e poñer en común. Trátase da única maneira de permanecer actualizado nunha materia tan cambiante.

Facilita a autonomía do alumno. Para iso, explícase a funcionalidade das tarefas e amplíase as posibilidades de elección no seus proxectos. É importante que o alumno sexa capaz de buscar e manexar por si mesmo a información que precisa

Impulsa a aprendizaxe e a motivación do alumno:

Utiliza as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta integrante do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso do correo electrónico, o deseño e a manipulación de materiais multimedia ou a realización de videoconferencias como medios habituais de traballo, permite aos alumnos e alumnas familiarizarse cos medios e técnicas de comunicación actuais que facilitan o achegamento a outras realidades culturais e socioeconómicas.

As aprendizaxes deben ser útiles para a formación posterior e para a vida persoal.

Hai que adaptarse ás necesidades dos alumnos, debendo partir dos coñecementos previos que teñen os alumnos sobre os temas a tratar e das experiencias do seu entorno familiar. As ideas previas deben poñerse en cuestión, por exemplo confrontando ideas cos compañeiros en debates.

Propiciarase o carácter interdisciplinar desta materia. Fomenta o uso e a práctica dunha lingua estranxeira como medio de comunicación para realizar o intercambio comercial de produtos co socio exterior. O uso do inglés ou outra lingua estranxeira supón non só unha mellora da competencia lingüística senón que amplía o coñecemento e interese por outras culturas, o que contribúe a desenvolver a dimensión europea e internacional da educación.

Utilizar adecuados recursos didácticos: material bibliográfico, medios audiovisuais,...

Cunha metodoloxía dinámica baseada na experimentación e o traballo cooperativo, Obradoiro de

Iniciativas Emprendedoras incide de forma directa sobre principios metodolóxicos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria, a saber: a construción de aprendizaxes significativas e funcionais, a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, o uso dunha lingua estranxeira como medio de comunicación e o reforzo dos aspectos prácticos e profesionalizadores da educación.

Hai que ter en conta que se trata dunha materia novidosa para o alumnado. A terminoloxía, que noutras materias se leva construíndo ó longo de varios cursos, debe ser tida en conta dun xeito especial, ben polo seu descoñecemento ou ben polas ideas previas que os alumnos e as alumnas poidan ter. A análise empresarial utiliza, igual que o resto das técnicas de investigación e estudio, unha linguaxe específica e precisa que non sempre se fai accesible ás persoas non iniciadas. Existen coñecementos previos, pero en moitos casos carentes de contido.

Para que o ter escoitado falar de algo sirva de punto de partida para entrar no seguinte paso de coñecemento hai que establecer relacións entre os novos contidos e aqueles que xa posúen os alumnos, corrixir ideas debidas a concepcións científicamente erróneas, proporcionar actividades que permitan establecer conexións entre os contidos estudados coa realidade socioeconómica próxima, e percibir o grao de dificultade ou de progreso no proceso desenvolvido.

O aprendizaxe debe basearse no saber facer. As unidades de traballo desta materia fórmulanse cun enfoque interdisciplinar. O proceso de aprendizaxe programouse, baseándose na realización dunha serie de actividades de forma individual ou en grupo que pretende iniciar ó alumnado no proceso de autoaprendizaxe desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e manexo de información. Estas actividades complementaranse con explicacións da profesora, con exposicións, supostos de simulación, debates do alumnado e o propio proxecto empresarial.

O ensino do espírito emprendedor require unha metodoloxía dinámica que favoreza o desenvolvemento de capacidades, a adquisición de coñecementos e a acumulación de experiencias no alumnado que permitan a realización de proxectos.

Índice

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ao ser unha materia recente non hai no mercado libros e texto editados polo que é preciso elaborar, por parte do docente, o desenvolvemento das unidades didácticas a impartir ó longo do curso.

A ensinanza realizarase na aula do grupo de alumnos, na aula de Informática. Os recursos que poden ser útiles o longo do curso académico son:

Explicacións do profesor.

Materiais elaborados polo profesor e subministrados aos alumnos en forma de fotocopias.

Medios informáticos: Ordenadores, proxector, vídeos,... Utilización de materiais audiovisuais como vídeos e presentacións audiovisuais. Internet é un recurso básico, para obter información e para participar nos concursos. Traballárase a través do Portal de Educación Cívico- Tributaria a educación cívico-tributaria. Dito portal foi creado recentemente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e dirixido ao alumnado de Secundaria, ten como obxectivo primordial transmitir valores e actitudes favorables á responsabilidade fiscal de participación nos gastos comúns de sostemento dos bens e servizos públicos como expresión dos valores de solidariedade e respecto que deben presidir a convivencia en toda sociedade democrática. Así mesmo, os alumnos/as terán a oportunidade de traballar parte do resto dos contidos da materia na aula de Informática, a través doutros portais como o Portal do Cliente bancario, creado polo Banco de España; o Portal da Unión Europea, etc.

Técnicas de dinámica de grupos.

Bibliografía específica e selección de lecturas, incluíndo lexislación.

Utilización de artigos e gráficos de prensa e revistas especializadas (Emprendedores, Capital, ...).

Material didáctico “Aprende a emprender” da DG Política PYME.

Materiais didácticos do Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras organizado por BicGalicia.

Libro de texto Iniciativas Emprendedoras, Editorial Editex.

Realización de actividades como visitas a empresas e organismos oficiais, participación en concursos, charlas ou actividades de investigación sobre recursos informativos en Internet.

Material de oficina: encadernadoras, guillotina, taladradora, carpetas A-Z, Carpetas colgantes, ...

Impresos e documentos mercantís, fiscais, laborais,...

Non hai libro de texto establecido para os alumnos.

Índice

O PROCESO DE AVALIACIÓN.

Nas unidades desta materia, realizarase un proceso de avaliación continua. Nas actividades avaliarase, tanto a calidade dos traballos, como o interese e a participación nela, así como a coordinación e o diálogo nos traballos realizados en grupo.

Ó comezo do curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construír a nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades, ... do alumno en dito proceso.

A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en que grao.

O proxecto de empresa é unha actividade deseñada para que os alumnos teñan unha experiencia real do que supón crear unha empresa mentres están aprendendo as habilidades e coñecementos necesarios para a creación dunha empresa.

Un elemento importante é o aspecto colectivo do proxecto. Unha vez elixido o proxecto, o grupo dividirase para desenvolver as diferentes áreas.

O profesor orienta o proceso na coordinación e na dinámica de traballo a seguir e serán os alumnos os que decidan como organizar o seu traballo dentro dos grupos.

Fases en la elaboración do proxecto:

1ª Definición do proxecto

Partindo da información previamente achegada, os alumnos deberán levar a cabo un intercambio de ideas. Este debate debe conducir ao nacemento da idea de proxecto .

Logo da discusión das ideas presentadas e defendidas verificarase a viabilidade dos proxectos baseándose nas posibilidades de mercado estudadas polos alumnos e elixirase aquel que se vai a realizar.

2ª Desenvolvemento do proxecto, nas áreas comercial, de produción, financeira e administrativa ou organizativa.

3ª Desenvolvemento e execución del proxecto:

Deseñar o plan de empresa para a súa presentación. Os alumnos, con todo o aportado nas diferentes áreas explicadas con anterioridade, han de realizar un dossier completo no que se recollan tódalas áreas para a constitución da empresa.

Poñer en marcha a empresa e avaliar a súa continuidade e permanencia.

Índice

8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza. Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como axentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas. Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedor/ra (a individual, a social e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro. Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autoconhecimento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar. Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento. Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais. Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, compre reflexionar facendo un labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Así mesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora e mostran hábitos de traballo individuais e cooperativos, asumen e responsabilízanse das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social. Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas. Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais. Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos. Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e

como medio de deteccións de erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira. Trata de comprobar que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e as utilizan con frecuencia e eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que esixe coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.

Índice

8.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos, procesos e actitudes, son:

Instrumento:

Serve para informar sobre:

Observación directa

O interese polo traballo.

O interese pola correcta utilización dos equipos informáticos e das distintas aplicacións nel instaladas.

O debido uso e ordenado arquivo de todo o material entregado (fotocopias, apuntes, documentos, etc).

A participación activa na clase, nas actividades a desenvolver ao longo do curso e nos debates, traballos e simulacións.

O interese pola utilización das fontes de información dispoñibles.

A relación cos compañeiros.

A actitude de respecto e tolerancia cos seus compañeiros.

A achega de noticias e comentarios que estean relacionados coa materia.

A creatividade e a expresión das propias ideas.

A capacidade de busca de solucións a problemas.

A coordinación e comunicación nos grupos de traballo.

A utilización das TIC.

A asistencia e puntualidade.

A apreciación do traballo dos demais.

Caderno de traballo

con tódalas actividades realizadas ó longo do curso (apuntes, traballos, actividades, documentos,...)

A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.

A comprensión dos mesmos.

A capacidade de síntese e análise.

A comprensión e desenvolvemento das actividades.

A utilización das fontes de información.

A asistencia e seguimento das unidades didácticas e dos exercicios propostos.

Probas orais e escritas

Serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades.

Permiten detectar que conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

A organización do propio proceso de ensinanza aprendizaxe.

Traballos individuais e en grupos de desenvolvemento do proxecto empresarial

É importante realizar ó remate de cada unidade de traballo algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Nos traballos avaliarase a calidade, a exposición, a coordinación, o interese, a capacidade crítica e participación en debates e a iniciativa para realizar indagacións.

Ademais da realización dunha axenda de traballo na que aparezan recompilados todos os datos debidamente ordenados sobre as fontes de información consultadas, enderezos e teléfonos de contacto, e-mails, páxinas web consultadas, etc.

Exposicións orais

Valoran a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada.

Como mínimo, cada alumno exporá unha parte do proxecto emprendedor do seu grupo ao resto da clase.

Simulacións

Consiste en deseñar e levar á práctica unha situación na que algúns alumnos deben situarse na perspectiva doutras persoas, "representar" o seu papel.

Serve para desenvolver-la capacidade para flexibilizar os puntos de vista, para adaptarse a situacións novas, para comprender-las actitudes e formulacións dos demais, etc.

Índice

8.3 SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Para cualificar a materia do Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, teranse en conta os seguintes criterios:

Aqueles alumnos que realicen todas as actividades obrigatorias obterán inicialmente unha puntuación de 2 puntos (sobre dez) en cada avaliación. Estas actividades son obrigatorias e realizaranse nas aulas. Excepcionalmente nalgúns casos poderase completar a súa realización fora da aula.

En función do grao de implicación, o interese e a dedicación na execución das tarefas e traballos propostos, da calidade dos mesmos, das fontes de información consultadas, a execución correcta dos exercicios e actividades, ponderando o tempo da súa realización e presentación dos seus contidos e da exposición que se faga dos mesmos, o alumnado poderá obter unha puntuación adicional de ata 2 puntos.

O estudo, confección e desenvolvemento dun proxecto empresarial referente a unha idea de negocio será en todo caso obrigatoria de tal forma que a súa non presentación nos prazos e formas establecidos dará lugar a unha avaliación final negativa da materia con independencia dos restantes criterios de avaliación. Trátase dun traballo en equipo que implica a investigación, a busca de información e simulación da realidade. Para avaliar o proxecto empresarial en grupo teranse en conta aspectos como: nivel de comunicación oral e escrita, coordinación á hora de tomar decisións, creatividade na presentación dos proxectos, uso das TIC, puntualidade na presentación,... Supón unha puntuación adicional de ata 2 puntos.

En función dos resultados obtidos nas probas escritas de carácter obxectivo realizadas ao longo do curso (unha por trimestre), o alumnado poderá obter unha puntuación adicional de ata 2 puntos.

Valorarase moi especialmente a utilización da linguaxe técnica e propia da materia.

A realización de actividades e traballos que se propoñan de forma voluntaria para realizar fora da aula poderá aumentar a cualificación en 1 punto.

Por último, o desenvolvemento dos contidos actitudinais que aparecen nesta programación, o esmerado coidado do material da aula e do propio, a correcta participación nos traballos de equipo, o debido respecto e cooperación cos compañeiros e compañeiras e o correcto manexo e procura de información; sumarán ata 1 punto máis na súa cualificación. En principio suponse unha actitude positiva e detraeríase cun negativo de 0,1 puntos ata acabar coa valoración da actitude polos seguintes motivos:

Cada falta sen xustificar. É un requisito imprescindible para superar esta materia a asistencia regular ás clases, xa que a maior parte dos traballos e actividades realizaranse durante as mesmas.

Non traer a aula os materiais entregados ou non mantelos ordenados. É requisito imprescindible para aprobar, levar ao día e ordenadamente o caderno de traballo coas distintas actividades e traballos asignados, así como usar e arquivar axeitadamente toda a información utilizada ao longo do curso: apuntes, documentos, fichas, pedidos, facturas, documentos informáticos, etc.

Actuación incorrecta contra as normas de utilización das aulas de informática.

Actitude pasiva ou ausente na clase.

A falla de cooperación cos demais membros do grupo de traballo.

Charlar, interromper ou calquera actuación contraria ao normal desenvolvemento da clase.

Para alcanzar unha avaliación final positiva será necesario, en todo caso presentar en forma e prazo o proxecto empresarial e que o alumno obtivera cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos en todas as avaliacións; noutro caso, en xuño o alumno procederá a realizar as recuperacións de aquelas avaliacións con cualificacións inferiores a cinco puntos.

Índice

8.4 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

Non haberá probas específicas de recuperación parcial para o alumnado ao longo do curso que puidesen atrasar as distintas fases da secuenciación-temporalización prevista para a materia e que necesariamente deben cumprirse para abordar o proxecto integramente.

Dado que o proceso de avaliación é un proceso continuo, para aqueles alumnos que durante o curso non superen as distintas avaliacións ou requiran algún reforzo, por observarse algún problema no aprendizaxe, se lles facilitarán actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

Repaso de conceptos mal entendidos, mal explicados ou mal desenvolvidos mediante os procedementos oportunos.

Realización de traballos, resolución de cuestionarios, exercicios prácticos, exposicións, informes,... sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.

Repetición de determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo ou realizar as actividades pendentes de elaboración.

Clases especiais de reforzo para mellorar a realización e presentación dos traballos propostos e o desenvolvemento dos contidos actitudinais ou, de ser o caso, mellorar o corrixir hábitos de estudo pouco eficaces, falta de motivación cara ó estudo ou capacidades mal adquiridas.

Cambios nas probas de avaliación, propondo probas distintas e fomentando exames orais.

Realización dunha proba escrita de dominio sobre os contidos da unidade ou unidades non superadas.

Aqueles alumnos/as que non superen a materia na convocatoria de Xuño realizarán unha proba

única extraordinaria de recuperación no mes de Setembro que versará sobre os contidos expostos nesta programación e incluíra algunha cuestión de tipo teórico relacionada co programa e varios exercicios prácticos sobre os contidos procedementais que se traballaron na aula ao longo do curso. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

Así mesmo, o día de celebración da proba extraordinaria de Setembro esixírase como requisito imprescindible para presentarse a dita proba, a presentación dos traballos que se asignen a cada alumno/a suspenso/a no mes de Xuño co obxectivo de desenvolver algúns dos procedementos que quedaron pendentes ao longo do curso.

Índice

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Cada alumno é distinto ós demais , os seus coñecementos , ideas e crenzas previas son distintos. Tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenrolo e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Atender á diversidade do alumnado é a única alternativa ó aprendizaxe non comprensivo de moitos alumnos. Se se quere que todos aprendan, non se pode pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de pensar.

As ensinanzas na ESO permítelles os alumnos que cursen estudos de acordo coas súas preferencias, o que reconece a existencia de diferenzas persoais en capacidades específicas, en motivación e intereses.

Considéranse varias intervencións para a atención á diversidade do alumnado, sendo as máis frecuentes as referidas a organización de actividades de reforzo. Estas actividades de ampliación e reforzo proporanse tanto para alumnos que escasamente poden chegar a conseguir os obxectivos mínimos como para aqueles outros que son sobresaíntes.

Os principios pedagóxicos e metodolóxicos desta materia a converten nunha boa ferramenta a través da cal atender á diversidade. Neste aspecto:

Permite desenvolver as capacidades previstas nos obxectivos da etapa por camiños académicos diferentes dos tradicionais.

Mellora a motivación do alumnado favorecendo as súas expectativas de éxito, traballando con contidos e actividades adaptados ao nivel real de posibilidades e reforzando o seu autoconceito académico, case sempre moi deteriorado.

Utiliza metodoloxías didácticas máis activas e motivadoras, nas que o máis importante é o traballo autónomo do alumnado, tanto de maneira individual como en grupos pequenos, e aproveita estas situacións para dar unha mellor resposta á diversidade dentro do propio grupo.

Establece relacións entre os contidos das distintas materias tanto do mesmo ámbito como de ámbitos distintos, como forma de conseguir unha aprendizaxe máis significativa e máis útil para a vida.

Promove aprendizaxes máis prácticas e funcionais vinculando as actividades de aprendizaxe co contorno máis inmediato, potenciando as actividades de investigación, as saídas do centro, visitas, etc.

Índice

TEMAS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Os obxectivos de etapa na ESO reflicten a preocupación polo tratamento das ensinanzas transversais.

Apreciase a relación coa educación en valores, é dicir, coa educación moral, cívica e para a paz, a

educación para a saúde, a educación para a igualdade entre persoas de distinto sexo, a educación ambiental, a educación sexual, a introdución de las tecnoloxías de la información e comunicación, a educación do consumidor, etc. Estes obxectivos implican a tódalas materias.

O enfoque da programación tivo en conta tódalas categorías de valores de carácter, pero faise especial inciso en aqueles valores que teñen máis relación co mundo económico. A responsabilidade social da actividade empresarial constitúe o núcleo central dos temas transversais xa que introduce un bo número de cuestións.

Estas ensinanzas transversais incorporáronse na materia de TIC do seguinte xeito:

Educación do consumidor:

Recoñecer o importante papel das empresas como forma de crear riqueza.

Análise crítica das campañas e estratexias de comunicación das empresas, en particular das campañas publicitarias e promocionais.

Análise dos hábitos de consumo da poboación xuvenil.

Destacar a importancia da tecnoloxía para mellorar o nivel de vida.

Educación ambiental:

Analizar os efectos negativos da actividade económica actual sobre o medio ambiente.

Valorar a importancia da necesidade de control e protección do medio ambiente.

Describir a situación actual dos recursos naturais e a importancia que estes teñen na calidade de vida.

Valorar o impacto da globalización sobre o medio ambiente.

Educación para a saúde:

Consumo de bens prexudiciais para a saúde.

Recoñecer a influencia que teñen sobre a saúde e a calidade de vida as actuacións económicas contaminantes.

Educación moral e cívica:

Respecto ás normas legais sociais, laborais, fiscais e medio-ambientais.

Compatibilidade entre beneficios económicos e beneficios sociais.

Responsabilidade económica e incluso penal polos danos producidos.

Analizar as informacións que aparecen nos medios de comunicación en relación cos problemas sociais, culturais e medio ambientais, e valoralas.

Recoñecer a importancia da formación persoal para o desenvolvemento do capital humano e a riqueza.

Reflexionar sobre as repercusións da globalización.

Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos:

Necesidade de igualdade de oportunidades laborais ente sexos.

Analizar la evolución de las desigualdades laborais e salariais entre home e muller.

Educación para a paz:

Valorar as apartacións da Economía ao benestar social e á mellora da calidade de vida.

Educación para os dereitos humanos.

Educación multicultural.

Educación para a convivencia.

Debido á profusión ó longo do curso de valores ligados ó diálogo e o consenso para solucionar os problemas nacionais e internacionais, promovendo actitudes pacíficas, pódese dicir que se proporciona unha Educación para a Paz e a Convivencia.

A educación ambiental está tratada en diversas referencias en varias unidades didácticas para inculcar valores de conservación dos recursos ambientais. Ó influír na conservación dos recursos e na calidade de vida, proporcionase, ademais de unha Educación Ambiental, unha Educación para a Saúde.

Inclúense valores e actitudes de igualdade e solidariedade de forma constante ó longo do curso, e incídese na igualdade entre homes e mulleres. Especialmente desenvólvense actividades que suscitan hábitos de solidariedade.

O coñecemento de diversos problemas económicos, como son o paro e o subdesenvolvemento, se prestan tamén a transmitir valores cívicos. No tratamento destes temas incluíronse diversas actividades que poden fomentar hábitos de integración social, participación cívica e educación para o desenvolvemento e para os dereitos humanos. O que permite afirmar que hai tamén unha Educación para a Igualdade entre os individuos e razas en xeneral, e entre os sexos en particular.

Como se porá de manifesto ao longo do curso, abordar a materia Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras presenta numerosas oportunidades para dar un enfoque transversal ao proxecto.

A relación desta materia con outras que están sendo cursadas polo alumnado é evidente, e supón un reforzo en Matemáticas, Galego, Castelán, Tecnoloxía, Inglés, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza,...

As conexións máis obvias coas diferentes áreas de coñecemento da etapa son as seguintes:

Área ou materia:

Interdisciplinabilidade:

Matemáticas

Todas as relacionadas coas finanzas.

Cálculo de gastos, facturas, beneficios, ...

Representación da información a través de gráficos.

Lingua castelá e lingua galega

Redacción de documentos relacionados coa empresa.

Familiarización con vocabulario específico.

Oportunidades para a expresión oral.

Ciencias Sociais e Economía

Estudo do contorno socioeconómico.

Familiarización coa existencia de diversas institucións.

Estudo de mercado (deseño de enquisa e análise)

Comercio internacional.

Tecnoloxía

Internet como ferramenta de busca.

E-mail e videoconferencia como ferramentas de comunicación.

Manexo de diferentes aplicacións informáticas para o desenvolvemento das actividades do

proxecto: procesador de textos, presentacións, folla de cálculo, deseño gráfico.

Linguas estranxeiras

Oportunidades para a comunicación oral e escrita nun contexto real.

Educación Plástica e Visual

Deseño e realización de materiais relacionados coa empresa.

Imaxe corporativa e o punto de venda: carteis, etiquetado, logotipos.

Ética

Traballo cooperativo.

Responsabilidade social corporativa, comercio xusto.

Educación en valores.